

*Orde do 28 de decembro de 2009 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas na Orde do 30 de decembro de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.*

A Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 10, do 15 de xaneiro), establece na súa disposición adicional cuarta, en que se recollen os créditos que financian a orde, que estes importes poderán ser obxecto de modificacións, como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento de emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

En consecuencia, como existen outras dotacións que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da dita orde, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de persoas beneficiarias posible.

Por todo o exposto e en uso das facultades que me foron conferidas,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1º

Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 10, do 15 de xaneiro), na seguinte contía e aplicación orzamentaria, que figura dotada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

48.04.322C.470.1, código de proxecto 2009 01001 polo importe de 1.678.535,63 euros.

#### Artigo 2º

Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

#### Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2009.

Beatriz Mato Otero  
Conselleira de Traballo e Benestar

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Orde do 22 de decembro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o fomento da contratación dos seguros agrarios na Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2010.*

O Decreto 332/1995, do 27 de decembro, establece para a Comunidade Autónoma de Galicia as axudas para o fomento da contratación dos seguros agrarios coa finalidade de que un maior número de agricultores e gandeiros se poidan beneficiar das vantaxes que supoñen os seguros como un instrumento que lles permite facer fronte ás perdas económicas que poidan ter nas súas producións como consecuencia da actuación de axentes alleos, como o clima, enfermidades e outros.

Tendo en conta a evolución da contratación de seguros agrarios nas últimas campañas, as recomendacións da Comisión Europea en canto a contías máximas de subvención por tipos de seguros e coberturas, e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, é necesario regular mediante esta orde determinados aspectos das axudas para fomentar a contratación de seguros agrarios durante o ano 2010.

Conforme o previsto no artigo 5 do título II da Lei 87/1978, do 28 de decembro, e o regulamento que a desenvolve, aprobado polo Real decreto 2329/1979, do 14 de setembro, a Entidade Estatal de Seguros Agrarios elaborou o Plan de Seguros Agrarios Combinados para o exercicio 2010, cuxo contido se axusta ao Acordo de bases para a elaboración dos plans de seguros agrarios combinados para o trienio 2010-2012, aprobado pola Comisión delegada do Goberno para Asuntos Económicos na reunión de 30 de xullo de 2009, para cuxa elaboración a Consellería do Medio Rural achegou varios traballos.

No plan determínanse as distintas porcentaxes de subvención que lle corresponden á Administración do Estado, que achegará Enesa, nos diferentes grupos de liñas de seguro e os criterios para a súa asignación; os estudos de viabilidade e as condicións de cobertura; as novas liñas de seguro ou garantías adicionais que se poden incorporar como novidades; a elaboración e revisión das normas de peritación, as datas de subscripción e prazos de elaboración de cada seguro e demais cuestións relacionadas co plan.

O Plan anual de Seguros Agrarios foi aprobado para o ano 2010 polo Acordo do Consello de Ministros do 18 de decembro de 2009.

Mediante esta orde, e en desenvolvemento do previsto no Decreto 332/1995, do 27 de decembro, a Comunidade Autónoma de Galicia participará nas subvencións que financien as pólizas de seguro que se prevexan no plan anual estatal, co fin de fomentar a contratación de seguros agrarios.

As liñas mestras deste plan estarán destinadas ao logro dos seguintes obxectivos:

-Alcanzar durante o trienio 2010-2012 un grao de desenvolvemento do sistema que permita a universalización deste aos sectores agrarios, gandeiros, forestais e acuícolas.

-Perfeccionar os procedementos de xestión, contratación e información empregados na aplicación dos sistemas para facilitar a incorporación dos produtores á contratación do seguro e incrementar o grao de cobertura do sistema.

-Aproveitar as posibilidades que ofrece o seguro agrario, para avanzar no deseño de modelos de xestión de crises agrarias.

-No ano 2010, recibirán subvención da Consellería do Medio Rural as liñas de seguros indicadas no anexo así como outras liñas e melloras de garantías que se poidan incorporar ao longo do ano unha vez realizados os estudos necesarios para a súa viabilidade e as condicións de cobertura correspondentes. Entre estas destacan:

-Nova garantía para a recuperación da capacidade produtiva de especies leñosas e polas perdas de colleitas futuras derivadas destes labores.

-Novas liñas de cultivos agroenerxéticos e forraeiros con garantías por sarabia, incendio, enchentes, chuvia torrencial e danos excepcionais.

-Ampliación ao conxunto das denominacións de orixe da garantía para viñedos de características específicas.

-Revisión das coberturas no ámbito das producións agrícolas como son as do kiwi.

-Inclusión de novas razas no seguro equino así como de novas garantías como a febre do Nilo occidental e a peste equina africana.

-Novo seguro para a protección dos danos por fauna salvaxe nas especies vacuna, ovina e cabrú, e equina.

-Establecemento dun novo seguro baixo a denominación tarifa xeral pecuaria, que englobará as explotacións cunícolas así como o resto das producións gandeiras actualmente non asegurables.

-Novas coberturas nas liñas pecuarias xa existentes como son a cobertura dos animais de alto valor xenético e os sistemas de manexo alternativos nas liñas de seguro aviario, así como unha nova garantía para cando ocorren sinistros de alta mortalidade e de maneira coincidente, sexa cal sexa a causa, nos seguros de explotacións de gando.

-Novo seguro forestal para plantacións de coníferas que cubran os sinistros por incendio, vento, chuvia torrencial e inundación pero con garantías só para o valor de recuperación e reforestación do terreo danado.

En virtude do exposto, de conformidade co artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confiren os artigos 7 e 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1º.-*Obxecto e beneficiarios.*

1. O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras das axudas para o fomento da contratación dos seguros agrarios e convocalas para o ano 2010, para os seguros incluídos no Plan de Seguros Agrarios Combinados para o exercicio 2010, ao abeiro do previsto no Decreto 332/1995, do 27 de decembro, polo que se establecen na Comunidade Autónoma galega axudas para o fomento da contratación dos seguros agrarios.

2. A Consellería do Medio Rural concederá estas axudas en réxime de concorrencia e poderán ser beneficiarios das ditas axudas os asegurados titulares de explotacións agrarias situadas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre e cando subscriban pólizas de seguros de liñas agrícolas do plan 2010 e liñas gandeiras dos plans 2009 e 2010, e cumpran o establecido no Decreto 332/1995 e nesta orde. Tamén poderán ser beneficiarios destas axudas os que subscriban, durante o ano 2010, seguros de liñas de cultivos agrícolas que lles dean cobertura ás colleitas que se leven a cabo no ano 2011. Tamén poderán ser beneficiarios das axudas outorgadas nesta orde os titulares de explotacións de piscifactorías de troitas.

3. Segundo o establecido no punto 2º do artigo 19 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estas axudas exceptúanse do requisito de fixar unha orde de prelación das solicitudes. En consecuencia, procederase ao seu pagamento ata o esgotamento do orzamento consignado.

4. As subvencións establecidas nesta orde non serán de aplicación nas pólizas de seguros contratadas por asegurados que, de acordo co artigo 2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, teñan a consideración de administracións públicas.

#### Artigo 2º.-*Entidades aseguradoras autorizadas.*

1. A subscripción do seguro realizarase exclusivamente a través das entidades aseguradoras autorizadas polo Ministerio de Economía e Facenda e incluídas na *Agrupación Española de Entidades Aseguradoras de los Seguros Agrarios Combinados, S.A.* (Agroseguro), ou a través dos axentes de seguros autorizados de conformidade co previsto na Lei 87/1978, do 28 de decembro, de seguros agrarios combinados e demais normativa de desenvolvemento.

2. A contratación con estas entidades poderase realizar de forma individual ou ben de forma colectiva por medio de tomadores de seguros. Non obstan-

te, soamente aqueles tomadores que se inscriban no Rexistro de Tomadores da Entidade Estatal de Seguros Agrarios (Enesa) poderán percibir as subvencións públicas adicionais que por contratación colectiva se establezan.

*Artigo 3º.-Liñas de seguros subvencionables e contía das axudas.*

1. Para o ano 2010 a subvención da Consellería do Medio Rural queda establecida, para as liñas de contratación dos grupos establecidos no anexo que se xunta a esta orde, do seguinte xeito:

A) Para todas as liñas, agás as do grupo VI, unha porcentaxe sobre a axuda á contratación que lles conceda Enesa, que será variable segundo as liñas, na contía que se especifica no anexo.

B) Para as liñas do grupo VI correspondente aos seguros de cobertura de gastos derivados da destrución de animais bovinos mortos nas explotacións e gastos derivados da destrución de animais non bovinos mortos nas explotacións, incluídas as modalidades de renovables, unha porcentaxe sobre o custo neto do seguro especificado no anexo.

2. A concorrencia das axudas das administracións públicas non superarán as porcentaxes máximas establecidas nas directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario para atender posibles perdas causadas por desastres naturais e acontecementos de carácter natural ou por fenómenos climáticos adversos asimilables a desastres naturais. Para asegurar o cumprimento desta normativa, as subvencións terán os seguintes límites:

A) A subvención conxunta de Enesa e da Consellería do Medio Rural non poderá superar un límite xenérico do 80% do custo do seguro:

B) Existirán uns límites específicos sobre o custo do seguro das seguinte contías:

a) Seguros de explotación de gando do grupo IV: 65%.

b) Seguro de explotación de uva de viño: 67%.

c) Seguro combinado e de danos excepcionais de uva de viño: 65%.

d) Seguro de kiwi e cereixa e froiteiras: 74%.

3. Para o cálculo do importe definitivo de subvención, ás cantidades que resulten de aplicar as porcentaxes do punto 1 e os límites impostos no punto 2 deste artigo restaráselle a cantidade de 12 euros. Non se concederá ningunha subvención a aquelas solicitudes en que este cálculo resulte igual ou inferior a esta cantidade.

*Artigo 4º.-Procedemento e prazos de execución.*

1. A formalización da declaración do seguro considerase solicitude de axuda, sempre e cando se realice dentro dos períodos de subscrición establecidos pola normativa do plan anual vixente establecido polo Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural

e Mariño e, ademais, se cumpran os distintos puntos referentes á subvención que se conteñan na declaración do seguro. En todo caso, na declaración do seguro especificarase, na epígrafe de subvencións para comunidades autónomas, a expresión literal de «subvención da Comunidade Autónoma de Galicia».

2. A contratación da póliza do seguro constitúe unha declaración do asegurado de que reúne os requisitos exixidos nas normas reguladoras sobre subvencións e axudas públicas, de acordo cos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que non foron obxecto de resolución administrativa ou xudicial firme de reintegro ou que, de ser o caso, se realizou o correspondente ingreso, e que dispón dos documentos que xustifican o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde para a concesión das subvencións.

3. No caso daquelas pólizas de seguro correspondentes á modalidade renovable, terán a consideración de solicitude de subvención a póliza de seguro inicialmente subscribida mediante a formalización da declaración do seguro, conxuntamente co recibo de pagamento da correspondente anualidade. Neste ámbito, presumirase que o pagamento do recibo da póliza constitúe a manifestación da aceptación das condicións do seguro e de reunir os requisitos para a percepción das subvencións correspondentes.

4. As datas de inicio e o prazo da subscrición e formalización da correspondente póliza de seguro sinálanse de forma particular para cada liña de contratación no plan anual para o ano 2010, onde constan as datas de inicio para a subscrición das pólizas do seguro de que se trate.

5. O importe da axuda que lle corresponda á Consellería do Medio Rural deducirase do importe da prima que deberá aboar o tomador ou o asegurado no momento da subscrición da póliza. As cantidades así descontadas pagarallas a Consellería a Agroseguro contra certificacións de liquidacións, sempre de acordo co procedemento establecido no correspondente convenio de colaboración subscribido entre a consellería e Agroseguro.

6. No dito convenio establécense os prazos e a documentación que Agroseguro lle deberá xuntar a cada certificación de liquidación co fin de que se poidan efectuar as comprobacións oportunas para a resolución por parte da Consellería do Medio Rural, antes de realizar os correspondentes pagamentos da axuda a Agroseguro.

7. O órgano competente para a instrución do procedemento de concesión das subvencións será a Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.

8. Dentro das disponibilidades orzamentarias e de acordo coa orde de presentación de solicitudes, o conselleiro do Medio Rural, logo da proposta do director xeral de Producción Agropecuaria, ditará a correspondente resolución de concesión ou denegación da axuda, no prazo máximo de seis meses con-

tados desde a presentación da solicitude. Poderanse entender desestimadas por silencio administrativo as solicitudes, se no devandito prazo non se ditase a correspondente resolución.

9. As resolucións expresas ou presuntas ditadas en aplicación desta orde esgotan a vía administrativa, e contra elas poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo os casos, de conformidade co establecido nos artigos 107, 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, ou ben poderá ser impugnada directamente ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación.

*Artigo 5º.-Obrigas dos beneficiarios e tomadores dos seguros.*

1. Os tomadores dos seguros e, de ser o caso, os asegurados beneficiarios achegarán unha lista resumo das pólizas subscritas así como toda aquela documentación relacionada coa contratación do seguro, sempre que así lles fose exixida expresamente pola Dirección Xeral de Producción Agropecuaria. Así mesmo, aqueles terán a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas públicas.

2. Na formalización do seguro, os beneficiarios das axudas farán constar as axudas solicitadas ou concedidas, das distintas administracións públicas competentes, para a mesma finalidade.

3. O incumprimento das obrigas sinaladas nos dous puntos anteriores poderá supoñer a perda total ou parcial da axuda, así como a obriga de restituír as cantidades percibidas, sen prexuízo doutras responsabilidades en que puidesen incurrir os beneficiarios ou perceptores.

4. Os asegurados, polo feito de contratar a póliza do seguro agrario, autorizan a Consellería do Medio Rural para que, en caso necesario, e co obxecto de verificar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde, poida solicitar a cesión de información a outras administracións, por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao día das súas obrigas tributarias, así como calquera outra información que permita certificar o cumprimento dos requisitos exixidos para a obtención das subvencións reguladas nesta orde.

5. A formalización da póliza constitúe unha autorización para poder obter de Agroseguro a información sobre os sinistros acaecidos nas explotacións aseguradas e outros datos relevantes sobre a xestión da

póliza segundo se fai constar no documento de aseguramento que se asina para a súa formalización.

6. Nos seguros de gando, no caso de cesar a actividade para a cal se subscribise o seguro, antes de rematar o prazo de garantías, é obrigatorio comunicar á compañía aseguradora a fin da actividade, co fin de que, se é o caso, a Consellería do Medio Rural poida recuperar a parte de subvención non empregada.

*Artigo 6º.-Modificación da resolución de concesión e infraccións administrativas.*

1. Toda alteración das condicións que se tivesen en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión da axuda.

*Artigo 7º.-Control das axudas.*

1. A Consellería do Medio Rural establecerá os controis administrativos e de campo precisos para asegurar que se cumpren os requisitos establecidos nesta orde.

2. Para os efectos do control das subvencións reguladas nesta orde, o tomador do seguro, no caso de pólizas de contratación colectiva, ou o asegurado, no caso de pólizas individuais, serán responsables das infraccións administrativas en materia de subvencións e estarán suxeitos ás sancións reguladas ao respecto, recollidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Co obxecto de mellorar o sistema de control de subvencións, a Consellería de Medio Rural poderá establecer un convenio de colaboración con Enesa para o intercambio de información relativa ás pólizas contratadas, en particular aquelas cuxo importe se calcula coma unha porcentaxe das que outorga esta entidade.

*Artigo 8º.-Reintegro das axudas.*

No caso de pagamentos indebidos, os beneficiarios ou perceptores das axudas quedarán obrigados ao reembolso do importe indebidamente percibido, xunto cos xuros de demora producidos desde o pagamento, sen prexuízo doutras responsabilidades a que houber lugar segundo os artigos 37, 38, 39 e 40 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

*Artigo 9º.-Financiamento.*

1. Para a concesión das axudas reguladas nesta orde existe crédito adecuado e suficiente con cargo ao proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, por un importe total de 6.211.000 euros, que se poderá ver incrementado, con outros remanentes orzamentarios e sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia de modificacións orzamentarias, na aplicación 2010 13 02 712B 7720.

2. De conformidade co establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, posibilitase a tramitación anticipada de expedientes de gasto sempre que exista crédito adecuado e suficiente no momento da resolución. Esta orde enténdese condicionada a que, unha vez aprobados os orzamentos, exista crédito adecuado e suficiente e subsistan as circunstancias de feito e de dereito existentes no momento de se ditar.

#### *Disposición adicional*

Primeira.-Para o non previsto nesta orde observárase o disposto preferentemente na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro de 2009, polo que se regula o regulamento da dita lei.

Segunda.-Sen prexuízo da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e de conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública

galega, a consellería publicará na súa páxina web oficial as concesións das axudas reguladas nesta orde, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos na citada páxina web.

#### *Disposición derradeira*

Facúltase o director xeral de Produción Agropecuaria para ditar as instrucións precisas para o desenvolvemento e execución desta orde.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2009.

Samuel Jesús Juárez Casado  
Conselleiro do Medio Rural

### ANEXO

Liñas de seguro	Riscos asegurables	Data inicio subscripción	Subvención C.A. Galicia	Grupo subvención ENESA
A. Seguros para producións agrícolas				
A.1. Seguros en cultivos herbáceos extensivos				
A.1.1. Seguros de danos				
Seguro combinado e de danos excepcionais en cultivos herbáceos extensivos	Sarabia, incendio e inundación, chuva torrencial e garantía de danos excepcionais	1 de marzo de 2010	18	I
Póliza multicultivo en cultivos herbáceos extensivos	Sarabia, incendio e inundación, chuva torrencial e garantía de danos excepcionais	1 de marzo de 2010	18	I
Seguro combinado e de danos excepcionais en palla de cereais de inverno	Incendio e inundación e chuva torrencial	1 de marzo de 2010	18	I
Seguro combinado e de danos excepcionais en cultivos forraxeiros	Sarabia, incendio e inundación, chuva torrencial e garantía Sde danos excepcionais	1 de marzo de 2010	18	II
A.1.2. Seguros integrais e de rendementos				
Seguro integral de cereais de inverno en secaño	Perda de rendemento por condicións climáticas adversas, incendio e danos por fauna silvestre	1 de setembro de 2010	18	III
Seguro integral de leguminosas gran en secaño	Perda de rendemento por condicións climáticas adversas, incendio e danos por fauna silvestre	1 de setembro de 2010	18	III
Seguro de rendementos en explotacións de cultivos herbáceos extensivos	Perda de rendemento por condicións climáticas adversas, incendio e danos por fauna silvestre	1 de setembro de 2010	18	V
A.2. Seguros en froiteiras e cítricos				
A.2.1. Seguros de danos				
Seguro combinado e de danos excepcionais en cereixa	Xeada, sarabia, chuva, inundación, chuva torrencial e garantía de danos excepcionais	1 de xaneiro de 2010	55	IV
Seguro combinado e de danos excepcionais en froitos secos	Vento, sarabia, inundación, chuva torrencial e garantía de danos excepcionais	1 de marzo de 2010	18	II
Seguro combinado e de danos excepcionais en kiwi	Xeada, sarabia, inundación, chuva torrencial e garantía de danos excepcionais	15 de xaneiro de 2010	55	II
Seguro combinado e de danos excepcionais en marmelo e outras froiteiras	Xeada, sarabia, inundación, chuva torrencial e garantía de danos excepcionais	1 de novembro de 2010	55	IV
A.2.2. Seguros de explotación e de rendementos				
Seguro de explotación de cereixa	Perdas de produción por condicións climáticas adversas, incendio e danos por fauna silvestre	1 de xaneiro de 2010	55	V

Liñas de seguro	Riscos asegurables	Data inicio subscrición	Subvención C.A. Galicia	Grupo subvención ENESA
Seguro de explotación de froiteiras	Perdas de produción por condicións climáticas adversas, incendio e danos por fauna silvestre	15 de novembro de 2010	55	(2)
A.3. Seguros en hortalizas, flores e patacas				
A.3.1. Seguros de danos				
Seguro combinado e de danos excepcionais en hortalizas de primavera e verán.	Xeada, sarabia e inundación, chuvia torrencial e garantía de danos excepcionais	15 de xaneiro de 2010	18	II
Seguro combinado e de danos excepcionais en alcachofa	Xeada, sarabia, e inundación, chuvia torrencial e garantía de danos excepcionais	1 de xullo de 2010	18	II
Seguro combinado e de danos excepcionais en allo	Xeada, sarabia, inundación, chuvia torrencial e garantía de danos excepcionais	1 de setembro de 2010	18	II
Seguro combinado e de danos excepcionais en cultivos protexidos	Vento, xeada, sarabia e inundación, chuvia torrencial, garantía de danos excepcionais e compensación por danos de virose	1 de xuño de 2010	18	IV
Seguro combinado e de danos excepcionais en amorodo grande e outros froitos vermellos	Xeada, sarabia, chuvia e inundación, chuvia torrencial e garantía de danos excepcionais	1 de setembro de 2010	18	II
Seguro combinado e de danos excepcionais en chícharo verde e faba verde	Xeada, sarabia, inundación, chuvia torrencial e garantía de danos excepcionais	1 de xullo de 2010	18	II
Seguro combinado e de danos excepcionais en leituga	Xeada, sarabia e inundación, chuvia torrencial e garantía de danos excepcionais	1 de marzo de 2010	18	II
Seguro combinado e de danos excepcionais en pataca e outros tubérculos	sarabia, vento e inundación, chuvia torrencial e garantía de danos excepcionais	1 de outubro de 2010	18	II
Seguro combinado e de danos excepcionais en tomate	Xeada, sarabia e inundación, chuvia torrencial, garantía de danos excepcionais e compensación por danos de viroses	15 de xaneiro de 2010	18	III
Seguro combinado e de danos excepcionais en flor cortada	Xeada, sarabia e inundación, chuvia torrencial e garantía de danos excepcionais	1 de marzo de 2010	18	IV
Seguro combinado e de danos excepcionais en planta ornamental	Xeada, sarabia e inundación, chuvia torrencial e garantía de danos excepcionais	1 de xuño de 2010	18	IV
A.3.2. Seguros de explotación e de rendementos				
Póliza multicultivo en hortalizas	Xeada, sarabia e inundación, chuvia torrencial e garantía de danos excepcionais	1 de marzo de 2010	18	V
A.4. Seguros en cultivos industriais				
A.4.1. Seguros de danos				
Seguro combinado e de danos excepcionais en algodón e outros cultivos téxtiles	Sarabia, chuvia e inundación, chuvia torrencial e garantía de danos excepcionais	1 de febreiro de 2010	18	II
Seguro combinado e de danos excepcionais en lúpulo	Sarabia e inundación, chuvia torrencial e garantía de danos excepcionais	1 de marzo de 2010	18	II
Seguro cambiando e de danos excepcionais en cultivos agroenerxéticos	Sarabia, incendio e inundación e garantía de danos excepcionais	1 de marzo de 2010	18	II
A.4.2. Seguros de explotación e de rendementos				
Non se poden contratar en Galicia				
A.5. Seguros en oliveiral				
Non se poden contratar en Galicia				
A.6. Seguros en viñado				
A.6.1. Seguros de danos				
Seguro combinado e de danos excepcionais en uva de viño	Xeada, sarabia, marchamento fisiolóxico e inundación, chuvia torrencial e garantía de danos excepcionais	15 de xaneiro de 2010	55	IV
Seguro combinado e de danos excepcionais en viveiros de viñado	Xeada, sarabia e inundación, chuvia torrencial e garantía de danos excepcionais	15 de xaneiro de 2010	18	II
A.6.2. Seguros de explotación e de rendementos				
Seguro de explotación de uva de viño	Perda de rendemento por condicións climáticas adversas, incendio e danos por fauna silvestre	1 de outubro de 2010	55	V
A.7. Seguros noutras producións agrícolas				
A.7.1. Seguros de danos				
Tarifa xeral combinada	Sarabia, incendio e inundación, chuvia torrencial e garantía de danos excepcionais	1 de marzo de 2010	18	II

Liñas de seguro	Riscos asegurables	Data inicio subscrición	Subvención C.A. Galicia	Grupo subvención ENESA
B. Seguros para producións gandeiras e acuícolas				
B.1. Seguros en producións gandeiras				
B.1.1. Seguros de gando				
Seguro de explotación de gando vacún reprodutor e de recría		15 de xaneiro de 2010	25	III (sistema manexo aptitude cárnica) IV (outros sistemas de manexo)
Seguro de explotación de gando vacún de ceba		15 de xaneiro de 2010	25	IV
Seguro de gando vacún de alta valoración xenética		15 de xaneiro de 2010	25	IV
Seguro de explotación de reprodutores bovinos aptitude cárnica		15 de xaneiro de 2010	25	IV
Seguro para a cobertura de danos por seca en pasteiros		1 de xullo de 2010	25	IV
Seguro de encefalopatía esponxiforme bovina		15 de xaneiro de 2010	0	IV
Seguro para a cobertura de explotación en apicultura		1 de outubro de 2010	25	IV
Seguro de explotación de gando ovino e cabrón		15 de xaneiro de 2010	25	IV
Seguro de explotación de gando equino		1 de febreiro de 2010	25	IV
Seguro de explotación de gando equino en razas selectas		1 de febreiro de 2010	25	IV
Seguro de explotación de gando aviario de carne		1 de febreiro de 2010	25	IV
Seguro de explotación de gando avicultura de posta		1 de febreiro de 2010	25	IV
Seguro de explotación de gando porcino		1 de febreiro de 2010	25	IV
Seguro de danos por ataque de animais salvaxes ou asilvestrados en gando extensivo		(2)	25	(2)
B.1.2. Seguros de retirada				
Seguro para a cobertura de gastos derivados da destrución de animais bovinos mortos na explotación (1)		15 de xaneiro de 2010	35	VI
Seguro renovable para a cobertura de gastos derivados da destrución de animais bovinos mortos na explotación (1)		1 de xuño de 2010	37	VI
Seguro para a cobertura de gastos derivados da destrución de animais non bovinos mortos na explotación (1)		15 de xaneiro de 2010	35	VI
Seguro renovable para a cobertura de gastos derivados da destrución de animais non bovinos mortos na explotación(1)		1 de xuño de 2010	37	VI
B.2 Seguros en producións acuícolas				
Seguros en piscifactorías de troitas		1 de febreiro de 2010	20	IV
C. Seguros para producións forestais				
C.1. Seguros en producións forestais				
Seguro para repoboacións forestais en solos agrícolas	Incendio e inundación e chuvía torrencial	1 de marzo de 2010	0	IV
Seguro para plantacións forestais de sobreiras	Incendio, vento, inundación e chuvía torrencial	1 de marzo de 2010	0	IV
Seguro para plantacións forestais en coníferas	Incendio, vento, inundación e chuvía torrencial	1 de marzo de 2010	0	IV

1. Porcentaxe sobre custo neto da póliza.

2. A asignación das subvencións para os diferentes módulos incluídos neste seguro establecerase posteriormente mediante resolución conxunta dos ministerios de Economía e Facenda e de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo coa dispoñibilidade económica prevista no plan.

## AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

*Resolución do 15 de decembro de 2009 pola que se aproba a convocatoria ordinaria para a obtención da avaliación previa á contratación de profesorado universitario polas universidades do sistema universitario de Galicia e se abre o prazo para a presentación de solicitudes.*

A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) ten atribuída, a través da disposición adicional vixésimo sétima da Lei 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime

fiscal e administrativo, dentro do ámbito da comunidade autónoma, a competencia para realizar as avaliacións das actividades docentes, investigadoras e de xestión do profesorado para poder ser contratado en determinadas figuras polas universidades do sistema universitario de Galicia (SUG), de conformidade co establecido na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, na redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, e co Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario.

Por outra banda, os novos estatutos da ACSUG, publicados mediante a Resolución do 10 de decembro de 2008, da Dirección Xeral de Ordenación e